

BASES

PROXECTO DE EDUCATIVO E DE PROMOCIÓN E HÁBITOS SAUDABLES E DE PREVENCIÓN NA INFANCIA , ESCOLA DE VERÁN DO CONCELLO DE COVELO.

XUSTIFICACIÓN:

As escolas lúdicas teñen unha importante función educativa e de socialización. Pretendendo por medio de actividades lúdicas , crear un espazo recreativo que impulse o desenvolto de competencias académicas e as habilidades sociais na nena e neno, a través do xogo, os deportes, as artes e a relación coa natureza e o entorno cultural.

Favorecen a participación social do grupo a través de actividades lúdicas e educativas, facilitando o fortalecemento das relacións interpersoais, e a construción de metas grupais e colectivas que promovan o desenvolto humano.

OBXECTIVOS:

Xerais:

- Promover hábitos saudables.
- Educar no tempo de lecer.
- Favorecer a conciliación de vida familiar e laboral.
- Favorecer o desenvolto integral da/o nena/o.
- Participar en xogos e actividades establecendo relacións equilibradas e construtivas cos demais, evitando a discriminación, comportamentos agresivos. Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas e deportivas.

Específicos:

- Introducción de técnicas e recursos, a través de actividades lúdicas.
- Favorecer a autoxestión do tempo do xogo.

- Facilitar a adquisición de normas e hábitos sociais.
- Iniciación aos participantes en cada xogo.
- Práctica de xogos grupais, favorecendo así a socialización, hábitos de convivencia e a diversión compartida.
- Fomento do desenvolvemento da creatividade e autonomía persoal.
- Traballar en equipo aceptando o papel que lle toque desenvolver en cada momento.
- Aceptar as regras dos xogos.

TEMPORALIZACIÓN

Mes: xullo de 2016

Días : luns a venres

Horario: 10.00- 14.00 horas

Xornada 24 de xullo pola tarde (2 horas)

DESTINATARIOS

- Nenas e nenos de 3 a 12 anos.

Terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de Covelo.

Necesítase un mínimo de 15 nenos/as para levar a cabo a escola de verán.

O número máximo de persoas usuarias será 35 por orde de inscrición.

Terán prioridade:

- Persoas empadroadas no Concello de Covelo
- Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais
- Familias con informe xustificativo dos servizos sociais de Covelo

ACTIVIDADES

As actividades que se realizan de cara á consecución dos obxetivos propostos son moi variadas, pois, ademáis dos xogos que se realizan en grupo como por exemplo: xogos de corro, de pelota, de recuperacións de tradicións, etc.

Adaptados as idades dos participantes e as instalacións. Realízanse múltiples e variados obradoiros como por exemplo:

- Obradoiros de manualidades, con diferentes materiais, con materiais de desfeita (papel, plástico, cartón, envases de ovos, tetrabricks, de deterxentes, suavizantes, etc.).Elaboración de adornos navideños no caso da escola de nadal.
- Obradoiro de actividades ó aire libre, realizado no verán, con actividades tipo campamento (gimkhanas, xogos de auga, rastreos...)
- Obradoiro de xogos populares e tradicionais: xogos de pita, de corda, bolos, a ra, a chave, etc..
- Obradoiro de xogos predeportivos: xogos con balóns, xogos de precisión...
- Grandes xogos: búsqueda de tesouros...
- Obradoiro de cociña , de ciencia divertida, de expresión corporal e mimo, de música, conta contos...

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía activa, participativa, comunicativa, lúdica e educativa impartida por medio de actividades que fomenten valores positivos e adecuadas as idades dos participantes.

A finalidade deste proxecto é promover a creación dun grupo e a integración de tódolos participantes no mesmo, realizando actividades que faciliten e favorezan a conexión do grupo e o traballo individual de cada un/ha; vinculada ó ocio educativo e sobre todo que se divirtan nas súas vacacións.

INSCRICIÓN

- As nenas e nenos interesadas deberán presentar nos Servizos Sociais do concello a folla de inscrición cuberta xunto coa fotocopia do Carnet de Identidade e a Cartilla da Seguridade social
- Admitiranse os participantes na Escola de Verán por riguroso orden de inscrición.
- Terán prioridade:
 - Persoas empadroadas no Concello de Covelo
 - Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais
 - Familias con informe xustificativo dos servizos sociais de Covelo
- RESERVA DE PRAZA: Do 7 o 17 de xuño 2016
- LISTA DE ADMITIDOS: 21 xuño 2016
- INSCRICIÓN: 22-29 xuño

Documentación necesaria:

- Folla de inscrición.
- Carné de Identidade
- Cartilla da Seguridade Social

ASISTENCIA

No caso de que haxa lista de espera terase en conta a asistencia a escola de verán.

As persoas que non asistan máis de dous días nunha semana sen xustificar daranse de baixa a favor das persoas que están na lista de espera.

RECURSOS

RECURSOS HUMÁNS:

Profesionais que interveñen:

1 o 2 monitoras ou monitores

Os monitores/as terán titulación de monitoras ou monitores de tempo libre, mestres ou mestras, educadoras ou educadores sociais.... con experiencia no sector. Os grupos formaranse segundo as idades do alumnado

RECURSOS MATERIAIS

Material de desfeita, recollido polos nenos/as e polas monitoras

Material: cartolina, tesoiras, lapices, punzóns, plastilina, rodillo, gomas, folios, pegamento, acuarelas, pinceis, ceras, rotuladores, grapadora, grapas, clips, regras, abaloiros, sedal, globos, maquillaxe, inchadores, folios de cores, balóns, comida, cucharas de paos, prato, vasos, etc...

Aula con mesas e cadeiras para todas e todos os participantes.

ORZAMENTO

CONCEPTO	IMPORTE
Materia	250,00 €
Seguro R.C. incluído	0 €
Mes de Xullo (2 monitores/as)	2.200,00 €
TOTAL	2.450,00 €

Este proxecto está subvencionado pola Deputación de Pontevedra ao abeiro da . Liña 3 do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2016.

AVALIACION:

Realizamos unha valoración de cada xornada de actividade cos participantes; así coma una avaliación diaria dos monitores/as para realizar os axustes necesarios nas vindeiras xornadas . É importante ter en conta a observación a realizar, a evolución persoal, en grupos, as situacións de intercambio, acordos que se establecen, situacións de descargas, relaxación ...

A avaliación final quedara rexistrada nunha memoria.

Anexo 1

RESERVA DE PRAZA “ESCOLA VERAN COVELO 2016” INSCRICIÓN ATA O 17 DE XUÑO

NOME:.....

APELIDOS:.....

ENDEREZO:

TELÉFONO/S (FIXO E MÓBIL):.....

IDADE:.....

DOENZAS / ALERXIAS:.....

HORARIO: DE 10:00 A 14:00 HORAS DE LUNS A VENRES

NORMAS DA “ESCOLA DE VERÁN 2016”

- Os nenos e nenas deberán traer tódolos días comida e bebida para o momento da merenda.
- Unha gorra para protexerse do sol.
- Os/as nenos/as de 3 a 5 anos deberán traer tódolos días roupa de reposto por si hai que cambialos.
- Non estará permitido levar á Escola de Verán xoguetes, consolas ou libros.

Pregamos puntualidade tanto á hora de deixar ós nenos/as, como á hora de recollelos

REXISTRO DE ENTRADA

FICHA DE INSCRICIÓN- ESCOLA DE VERÁN 2016

SOLICITANTE:PAI/NAI/TITOR/A		
Apelidos:		Nome:
DNI:	Tel.:	E-mail:
Enderezo:		
SOLICITO PRAZA PARA:		
Apelidos/nome: / /		Data nacemento:
Apelidos/nome: / /		Data nacemento:
Apelidos/nome: / /		Data nacemento:

OBSERVACIÓNS DE CADA NENO/A (necesidades especiais, alerxias, outras)

.....
.....

AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON: Para a difusión e memoria de actividades	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
AUTORIZO A PARTICIPACIÓN DO/A MENOR NAS ACTIVIDADES: Estou informado e acepto as normas de funcionamento e as actividades programadas na Escola de verán, incluíndo as visitas culturais e rutas pola contorna próxima.	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DO MENOR: Nome e apelidos:.....DNI:..... Nome e apelidos:.....DNI:..... Nome e apelidos:.....DNI:..... Nome e apelidos:.....DNI:..... Nome e apelidos:.....DNI:..... Nome e apelidos:.....DNI:.....		

Documentación que hai que entregar:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante
- Fotocopia do DNI do menor ou de non telo copia do Libro de Familia
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a

Data:

Sinatura:

De acordo co establecido na L.O.P.D., informámoslle que os datos recollidos no presente formulario encóntranse rexistrados nos nosos ficheiros automatizados ou non e que estes serán comunicados a entidade Conforocio Consultora SL , que a mesma é necesaria para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.